



Achegas da CIG-Ensino para unha nova lei educativa

Marzo 2020



DOCUMENTO. Achegas da CIG-Ensino para unha nova lei educativa.

As propostas que contén este documento parten das alegacións ao anteproxecto de lei entregadas pola CIG-Ensino na Mesa Sectorial do Ministerio de Educación e Formación Profesional e recollen, así mesmo, as achegas feitas pola nosa representación no Consello Escolar do Estado, coas actualizacións necesarias unha vez aprobado o proxecto de lei polo Goberno español. Responden, como non pode ser doutra maneira, aos principios que o noso sindicato, hexemónico na educación pública galega, vén debatendo e aprobando nos últimos anos e propoñéndolle ao profesorado galego, quen lle deu o seu apoio maioritario reiterado.

Como xa expuxemos en todos os foros nos que participamos, fomos e somos partidarios dunha reforma integral e en profundidade da actual LOE reformulada e emendada substancialmente pola LOMCE. Fixemos ver no seu momento, xa no ano 2018, nos primeiros pasos do actual goberno Sánchez, que a urxencia por derrogar a LOMCE era total e que o goberno español debía acometer esa medida de inmediato, e abrir a continuación, e xa cuns prazos máis amplos, a redacción, negociación e aprobación dunha nova lei.

Desgraciadamente eses pasos non se deron como nos gustaría e, máis dun ano e medio despois, encontrámonos nunha situación que merece unha reflexión crítica. Por un lado, danse por superadas as etapas de negociación do Proxecto de Lei de reforma (LOMLOE), argumentando o propio goberno que urxe levar o documento legislativo a debate parlamentario. Pero, por outro, a reforma que se presenta non incide en moitos dos elementos que consideramos substanciais para poder falar realmente de cambios radicais, isto é, de raíz. Non só iso, o texto que se aprobou no Consello de Ministros, naceu con intención de converterse nunha reforma de longo percorrido e non como un paso intermedio e transitorio para, unha vez eliminada a LOMCE e os efectos perniciosos que esta lei trouxo consigo, poder fixar un novo marco de negociación, unha nova lei, que esta si, naza dun debate en profundidade dos retos que a educación ten por diante.

As propostas que se incorporan neste documento son, neste senso, as que a CIG-Ensino entende que deben conformar, non só unha reforma legislativa, senón un marco xeral para unha educación pública de calidade.

Unha lei de mínimos que permita desenvolver, no ámbito de Galiza, a nosa propia lei de educación no marco da defensa dun ensino público de calidade, da nosa lingua e das nosas competencias exclusivas.

- Defensa do carácter plurinacional, pluricultural e plurilingüístico do Estado, na liña de que o Goberno non impoña medidas unilateralmente, senón que toda a normativa básica parta do acordo coas diferentes CC.AA., o que permitiría adaptar o marco educativo legal á nosa propia realidade. Mantéñense no proxecto de lei numerosos apartados que non necesitan dunha regulación taxativa e ríxida e que deberían fixar unha referencia de mínimos para que sexan as Administracións educativas as que adapten e desenvolvan a súa propia lexislación educativa. O contrario, dende o noso punto de vista, é manter una visión unitaria do Estado.
- Respecto á Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias, asinada polo Estado español en 2001 e que se está a incumprir en Galiza desde a imposición do decreto de plurilingüismo, con datos alarmantes de perda de falantes entre a poboación infantil e xuvenil galega. Os informes públicos, como o que recentemente se deu a coñecer do Consello de Europa identifican claramente un problema na política lingüística en países como Galiza, nos que a lingua propia e cooficial está claramente en desvantaxe fronte ao castelán.
- Gratuidade total do ensino público dende os 0 aos 18 anos: libros de texto e material didáctico, actividades extraescolares, transporte e comedor,...
- Recoller na Lei Orgánica a redución das ratios, incorporando unhas ratios máximas menores ás actuais e que se encamiñen cara ás cifras que realmente permitan unha mellora da calidade do ensino e a atención ao alumnado:
 - 6 en EI de 0-1 ano, 10 en EI de 1-2 anos e 12 en 2-3 anos.
 - 15 no 2º ciclo de Infantil.
 - 20 en Primaria e ESO.
 - 25 no Bacharelato.
 - 15 na FP Básica e nos PMO (actuais PMAR).
- Aposta por un 1º ciclo de Infantil con carácter educativo, co seu correspondente currículo e con garantía de suficientes prazas públicas para atender a crecente demanda, garantindo a gratuidade desta etapa educativa.
- Carácter obrigatorio e gratuíto do 2º ciclo de infantil.
- A incorporación de novo alumnado unha vez pechado o prazo de matrícula (desprazamentos, cambios de residencia) debe salvagardase por lei para a respectiva zona de escolarización sen que iso supoña que se amplíe a ratio por aula.

- A Alta Inspección debe reducir as súas competencias e depender das CC.AA.
- Reforma integral da Inspección Educativa, centrando o seu traballo no asesoramento pedagóxico, educativo e de xestión.
- As competencias de conservación e mantemento dos centros deben ser das CC.AA., e non das administración locais, evitando que se poidan producir discriminacións en función das posibilidades ou diferentes políticas dos entes municipais.
- Fomento do estudo de todas as linguas do Estado nas Escolas Oficiais de Idiomas.

Un sistema educativo que reforce a inclusión e a atención á diversidade con feitos e non con boas palabras.

- Reforzo da función titorial e da orientación así como da dotación de profesorado de PT e AL para mellorar a atención á diversidade.
- Creación de postos de traballo de perfís profesionais necesarios en centros docentes en función das súas necesidades (educación social, persoal coidador, interpretación de signos, persoal sanitario...).
- Redución das ratios cando na aula se escolarice alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Potenciación da oferta no medio rural e nas zonas socialmente desfavorecidas con maiores dotacións orzamentarias e de profesionais e non con simples declaracións de intencións.

O control do sistema educativo non se pode facer de costas ao profesorado e á revisión das propias políticas educativas dos gobernos.

- Eliminación ou modificación substancial das avaliacións de diagnóstico de 4º de EP e 2º da ESO coas que queda o proxecto de lei, xa que manteñen unha xerarquización curricular e non proporcionan unha análise correcta e completa do sistema educativo ao evitar avaliar precisamente as condicións dos centros educativos e nas que o profesorado imparte docencia. Débese reducir a burocracia, potenciar a autonomía dos

centros e equipas directivas, tamén a efectos de avaliar a actuación do profesorado e o funcionamento dos centros.

- Eliminación das probas externas que substitúen as reválidas en 6º de EP e 4º da ESO e que implican manter estas probas con carácter censual. Se ben as probas de diagnóstico de 4º de EP e 2º de ESO, coa necesaria reformulación que apuntamos, ben puidesen servir para diagnosticar a evolución de dúas etapas educativas diferentes, precisamente na metade do seu desenvolvemento, estas probas finais, que claramente beben da LOMCE que se pretende reformar, implican una sombra de dúbida sobre o labor profesional do profesorado e inciden no control curricular externo que xa demostrou dende o ano 2013 claros problemas na práctica docente.
- As probas externas, tal e como están deseñadas, implican un control curricular que provoca unha educación tutelada polo poder político e económico, cos grandes lobbies editoriais internacionais por detrás (PISA...): nin pode haber materias de primeira e de segunda nin se pode desprezar o papel do profesorado no proceso de aprendizaxe e avaliación.
- Dende a CIG non nos opoñemos a que existan probas de diagnóstico que avalíen a marcha do proceso educativo pero, de existir, deben partir de parámetros totalmente diferentes, tanto aos que impuxo a LOMCE como os que presenta o proxecto de lei.

Os itinerarios na ESO non poden coarse pola porta de atrás.

- Considerar a ESO como etapa no seu conxunto, evitando a diferenza que se consolida no anteproxecto dun 3+1 como xa aparecía na LOE e se reforza na LOMCE. Entendemos que se manteñen inalterados os itinerarios en 4º de ESO, xa que continúan existindo dúas opción diferenciadas para Matemáticas en 4º de ESO e a oferta de agrupacións de materias neste curso, motivadas sobre todo polas limitacións do profesorado e a matrícula, implicarán que os itinerarios se manteñan na inmensa maioría dos centros.
- Estamos en desacordo con que se estableza por lei a limitación de materias optativas na ESO e o Bacharelato polo número de alumnado. Isto supón un agravio comparativo para centros pequenos, especialmente no ámbito rural, contradicindo o suposto propósito de reforzar a oferta no rural, contradicindo o suposto propósito de reforzar a oferta no rural e en zonas socialmente desfavorecidas.
- Defendemos que se recolla para a formación profesional o respecto ao marco competencial para as comunidades con lingua propia como se fai no resto das etapas

(55%-45%). A sobrecarga curricular imposta desde o Estado fai inviábel en moitos casos que realmente ese reparto sexa veraz, tanto na FP como no resto das etapas.

Unha formación profesional sen explotación laboral e vinculada ao ensino público.

- O papel da Formación Profesional debe ser reforzado pero preocupáanos o feito de que a formación dual se estea convertendo, con todos os problemas que está causando, no modelo a seguir, tanto dende a perspectiva das condicións nas que o alumnado realiza a súa formación nas empresas como na perda de postos de traballo que se produce no profesorado das especialidades propias da FP. A ausencia de control, tanto laboral como formativo, da formación nas empresas está aumentando os xa existentes nos módulos de FCT.
- O modelo polo que aposta incide na privatización do ensino, retirando unha parte importante da formación dos centros educativos, levándoa a empresas que na maioría dos casos non teñen plans nin departamentos de formación e sen fixar elementos de control e inspección sobre esa formación.
- Propoñemos que se reforme a Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional en canto ao nomeamento das direccións mediante libre designación, dándolle a estes centros o mesmo trato que ao resto dos centros docentes.
- No acceso aos ciclos formativos de grao superior admítese a posibilidade de que se faga mediante a superación dun curso de formación específico preparatorio, sen fixar unha titulación mínima. Consideramos que a superación deste curso non pode ser un requisito en solitario, máxime tal e como aparece no proxecto de lei, habilitando que sexan as empresas privadas as que organicen e validen eses cursos. Entendemos que ese curso debe acompañar como requisito á titulación de grao medio de FP, limitando o acceso dende o grao medio ao superior a unha equivalencia curricular directa, dentro de cada familia profesional.

Defendemos melloras para o profesorado.

Hai determinados aspectos que non aparecen recollidos ou aparecen simplemente como declaración de intencións desde a LOE e que nunca se desenvolveron. Algunhas delas ben poden aparecer no texto da lei orgánica e, en calquera caso, deben figurar no

desenvolvemento da profesión docente á que fai referencia a Disposición adicional sétima.

- Facilitar a formación do profesorado en horario lectivo.
- Definición por lei dun cadro de enfermidades profesionais do profesorado.
- Regular como dereito, e non como posibilidade que nunca foi efectiva, que o profesorado maior de 55 anos poida reducir o seu horario lectivo sen redución salarial.
- Arbitrar a posibilidade de que o profesorado, por motivos de saúde, poida realizar unha xornada laboral que, total ou parcialmente, non implique docencia directa.
- Dereito a ter unha licenza anual de formación durante a carreira docente de todo o profesorado.
- A posíbel valoración da función docente non debe ter repercusión na mobilidade, na carreira docente ou na participación en actividades de formación.
- A mobilidade no concurso de traslados debe poder facerse cada ano, sen ter que permanecer dous anos no destino.
- Debe eliminarse, ou canto menos reducir, a meritocracia no concurso de traslados.
- Defendemos un corpo único de ensinantes, coas mesmas condicións de acceso e de desempeño do traballo, tanto en horario como en salario, pertencente ao grupo A1. No camiño cara a ese corpo único e respectando o concepto de que o mesmo traballo debe ser recompensado co mesmo salario, demandamos a extensión de complementos compensadores para aquel profesorado que realiza as mesmas funcións: profesorado do corpo de mestres que traballa na ESO, incluído o de PT e AL; o profesorado do corpo de PTFP ou o de música e artes escénicas que imparte docencia nos CMUS superiores.
- Propoñemos que se poida regular, en virtude de lei, un sistema de acceso diferenciado coa convocatoria simultánea de procesos selectivos que diferencien a renovación de efectivos e a consolidación de postos de traballo estruturais ocupados por persoal interino. Entendemos que esta vía excepcional de acceso debe vincularse á existencia dunha determinada porcentaxe de profesorado interino, especialmente relacionado con contratacións para prazas vacantes que as diferentes administracións non incorporaran como é preceptivo nas diferentes ofertas públicas de emprego.

- Neste senso asistimos con preocupación ás reflexións que a ministra Celaá compartiu publicamente sobre a formación inicial do profesorado, sobre o seu acceso á docencia e mesmo sobre a súa carreira profesional. Non estamos de acordo, en absoluto, coa idea dun MIR educativo e preocúpanos especialmente que se poña en cuestión permanentemente a profesionalidade e formación do profesorado, cando foi precisamente o labor do persoal docente o que permitiu manter uns niveis de calidade no sistema educativo, moi a pesar da actuación dos responsábeis políticos nos últimos anos. Non queremos máis precariedade nos centros educativos nin que se poida intercambiar profesorado interino por outro en formación. Hoxe en día existe tanto unha fase práctica na formación inicial, que sen dúbida debe ser analizada e revisada en profundidade, como dentro do proceso selectivo. Esperamos que calquera proposta parta previamente dun debate na Mesa Sectorial e que non se faga sen contar co apoio da representación dos traballadores do ensino público.
- Garantir o carácter indefinido da xubilación anticipada aos 60 anos para todo o profesorado, tamén para quen accedeu despois de xaneiro de 2011. O profesorado interino e o funcionariado de carreira do réxime xeral deben poder acollerse a esa xubilación en idénticas condicións. O endurecemento da xubilación por relevo no ámbito da empresa privada e o feito de que esta modalidade non exista para o funcionariado do réxime xeral amosa unha clara contradición que, para a CIG-Ensino, debe solucionarse coa equiparación con clases pasivas.

A defensa do ensino público como única rede.

- Defensa dunha única rede pública que implique que a programación da ensinanza se faga partindo dela e emprender unha planificación escolar para unha paulatina desaparición dos concertos educativos comezando polos das ensinanzas non obrigatorias. Os concertos, mentres existan, só deben ter un carácter subsidiario e complementario até que a oferta pública non sexa suficiente para garantir a escolarización do alumnado. As medidas que se adopten deben ter en conta os dereitos laborais do persoal do ensino actualmente concertado e, por suposto, o dereito do alumnado a unha escolarización gratuíta.
- Os actuais concertos, por tanto, non poden ser un condicionante para evitar, como acontece actualmente, que se promova a construción de centros públicos.
- Os despedimentos declarados improcedentes no ensino concertado deben ser falta grave e un dos motivos para a rescisión dos concertos. O proxecto de lei rebaixa mesmo o nivel que se fixaba no anteprojecto a respecto disto.

- Prohibición de financiar a cargo do erario público os centros que segregan o seu alumnado por razóns de sexo, relixión, raza, opinión ou por calquera circunstancia persoal ou social, incluído o suposto “carácter propio” dos centros privados. Isto debe levar a anular os concertos educativos que actualmente desfrutan os centros do OPUS e outras seitas e grupos relixiosos que segregan a nenas e nenos nos seus centros, rompendo o principio da coeducación. Fixar nunha lei unha simple prioridade no mantemento dos concertos non garante, en absoluto, que os centros que separan ao seu alumnado por xénero deixen de estar concertados.

A relixión, na esfera privada.

Francia era no ano 1905 un Estado maioritariamente católico. Iso non impediu que se promulgase unha lei que confirmaba o laicismo e que retiraba o ensino da relixión dos centros públicos. Despois de 115 anos, o Estado español segue aceptando as ataduras co Vaticano; no proxecto de lei, aínda que se elimina o valor académico da materia de Relixión (non computaría para notas ou selectividade), non se retira das escolas.

Hai que eliminar a relixión como materia curricular dos centros docentes. O estudo do feito relixioso só ten cabida no currículo como un tema cultural e histórico no ámbito das ciencias sociais. Isto debe implicar a ruptura do acordo co Vaticano e coas demais confesións relixiosas.

O goberno democrático dos centros docentes.

- As competencias e a composición dos consellos escolares, respectando o seu carácter de órgano de goberno, debe ser competencia exclusiva das CC.AA e, polo tanto, unha lei orgánica non debe limitar.
- A selección da dirección dos centros debe facerse respectando a decisión democrática do claustro e o consello escolar. Só se podería acudir ao sistema de concurso de méritos se non se presenta ninguén con destino definitivo no centro ou non é seleccionado polo consello escolar. Defendemos, por tanto, un modelo de selección con dous posibles prazos: un inicial, no que se elixe entre o profesorado do centro, e un segundo, ao que só se accedería no caso de que non houberse candidatura no centro ou non fose aprobada democraticamente pola comunidade educativa. A administración educativa non debe intervenir no proceso de selección.

- Non se debe esixir ningún requisito e antigüidade a docentes con destino definitivo no centro.
- O nomeamento dos restantes cargos directivos, propostos pola dirección, deben ser aprobados pola maioría do Claustro e Consello Escolar.
- Modificación da Lei Orgánica 5/2002 das Cualificacións e a FP para eliminar o nomeamento da dirección por libre designación.

Integración das ensinanzas artísticas superiores na universidade.

Propoñemos que se fixe na lei un breve prazo para aprobar a normativa que permita a integración destes estudos na universidade, promovendo medidas transitorias para a adecuación da organización dos centros á normativa universitaria, tanto en materia de investigación como de titulacións de grao e posgrao.

Entrada en vigor

Defendemos que non ten sentido demorar a entrada en vigor da Lei tal e como aparece no anteproxecto, ao non se tratar de cambios substanciais. Dá a impresión de que cada cambio legal, por pequeno que sexa, -e este sería un bo exemplo- o que consegue é dificultar o traballo do profesorado e confundir ao conxunto da comunidade educativa, con períodos transitorios que en moitas ocasións se alongan no tempo innecesariamente e que acaban causando desconfianza e escepticismo fronte a calquera cambio.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2020